

LIBROS SOBRE PIRATERÍA



Piratas. Richard Platt. Piratas, bucaneros, corsarios, berberiscos... Diferentes nomes para denominar ós saqueadores do mar. Un manual para coñecer os seus costumes e bandeiras, ademais das andanzas dos piratas máis feroces.

El mundo de los piratas. Philip Steele Esta ollada sobre a piratería fai un percorrido pola historia; amosa a vida diaria da tripulación; o interior do barco *Adventur Galley*; o que facían cos tesouros roubados... e unha semblanza dos máis intrépidos piratas de tódolos tempos.

Piratas, corsarios, bucaneros y filibusteros. M. Lucena Salmoral. Síntese das modalidades piratas en América desde o seu nacemento en 1512 deica a súa extinción en 1722, resaltando accións depredadoras, crueis e heróicas concebidas para destruír el monopolio español sobre o Novo Mundo.



Las mujeres piratas. H. Musnik Paseo pola vida e aventuras de mulleres piratas, como Mary Read, do período clásico; Mistress Ching, que asolou o mar da China ou a compañeira do pirata galego Benito Soto, no século XIX.

Las cien mejores películas de piratas. Miguel Juan Payán

Esta obra está dedicada ós piratas no cine, especialmente á piratería marítima que actuou no Caribe durante o século XVII.

Dos cen títulos calificados como mellores do xénero, só a metade aproximadamente poden ser considerados como bos filmes. O resto, seleccionáronse porque ofrecen un tratamento variado do fenómeno de la piratería (en clave de comedia, de musical, de filmes de animación, etc.), como na orixe da súa base argumental (novelas, actividades de piratas reais, relatos encadrados nun determinado marco histórico, etc.).




BENITO SOTO, O ÚLTIMO PIRATA

Pirata galego de principios do século XIX que actuó no Atlántico.

Sobre el escribiron autores como Galdós, Castroviejo ou Pérez Reverte.

A obra de **Lalo Fernández Mayo, El último pirata** resulta de grande interese polo seu valor histórico. O relato, en parte de viaxes, dá luz sobre a historia- bastante descoñecida e a miúdo mitificada, terxiversada e mesmo mesturada- de Benito Soto, pois confúndeno con outro pirata/corsario Soto, de nome Bernardo, portugués do século XVII. Despois de ser executado por pirata xa non houbo outra figura relevante no mundo occidental. Con Soto acaba la piratería que asolou o Caribe e o Atlántico.



Muy Historia. Revista que adica o número 12 a un monográfico sobre o tema, co título **Piratas. Entre la leyenda y la historia.**

ARTURO PÉREZ-REVERTE | El Semanal | 29 de enero de 2006 Un pirata de verdad.
Artigo adicado ó pirata pontevedrés Benito Soto.